

Resolución do 19 de xuño de 2020, da Comisión de Selección designada para cualificar o proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz, resultante do período de actualización de listas de outubro 2019 e febreiro 2020, pola que se aproban e se fan públicas as listas previas provisionais e se abre o período de reclamacións.

En sesión que tivo lugar o día 19 de xuño de 2020, a Comisión de Selección designada para cualificar o proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019 e febreiro de 2020, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar as listas previas provisionais.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, acordou aprobar as listas previas provisionais, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019 e febreiro de 2020, por duplicado exemplar, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación.

Segundo.- Facer públicas as listas previas provisionais.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, acordou facer públicas as listas previas provisionais, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019 e febreiro de 2020, por duplicado exemplar, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I., ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poderá consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, según o perfil/ís profesional/ais e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo/a candidato/a no ANEXO I da solicitude.

Terceiro.- Reclamacións.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, os/as candidatos/as disporán do prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte o da

publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para poder presentar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas as listas previas definitivas.

De non haber reclamacións, a listas previas enténdense aprobadas definitivamente e estarán dispoñibles para ser empregadas nos procesos de selección para a contratación de persoal.

Todas as reclamacións dos/as candidatos/as, só poderán ser presentadas:

- nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h, e os venres de 9:00h a 14:00h.
- de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lgr.Cabanas –Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 26 de xuño (inclusive).

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2020.

A presidenta da Comisión de selección.

Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos

